



A SANTA COMPAÑA

Adaptado do conto de Alberto David Onuegbu (3ª de E. Primaria)

Gañador do concurso Concurso de contos curtos Letras Galegas 2019: Antonio Fraguas

Había unha vez un home galego que se chamaba Luís. Ese tipo non paraba de falar da Santa Compañía.

Un día foi de visita a aldea dun amigo. Chegou á tardiña, cearon, conversaron un pouco e, como xa estaba escurecendo, marcharon para a cama.

De madrugada, Luís non podía durmir. escoitaba ruídos no piso de embaixo. Levantouse da cama tremendo e baixou as escaleiras moi amodiño. De súpeto, aparecerónlle cinco espíritos: un que levaba unha cruz, outro cun estandarte, outro un caldeiro de auga bendita, outro lanterna e o derradeiro portaba unha campá.

Luís escapou correndo a unha montaña. Vestía aínda o pixama e levaba a súa almofada. Correu o máis rápido que puido cruzando o bosque ata que alcanzou o cumio dunha montaña. Alí berrou con todas as súas forzas:

—Socorro! —dixo rompendo a voz.

Por sorte, nese momento, un helicóptero da policía que estaba patrullando oíu o berro e achegouse a el. O helicóptero aterrou sen problemas e del baixaron dous policías que foron ao encontro de Luís.


—Que che pasa, home? —preguntoulle un policía.

—É que a Santa Compañía anda a perseguirme e quere matarme —contestou Luís.

Os policías botáronse a rir. Riron tanto que caeron de cu. Ao levantarse, non podían crer o que había ás súas costas: era a Santa Compañía! E camiñaba directa cara eles.

Luis, entón, estaba no certo e os policías non o pensaron dúas veces: montárono rapidamente no helicóptero e os tres fuxiron lixeiros de alí.

FIN



NOTA INFORMATIVA AO CONTO

Antonio Fraguas escribiu isto sobre a Santa Compañía:

A Santa Compañía [...] é unha reunión de almas, polo menos cinco, que todas as noites fan determinados percorridos desde a igrexa polos lugares da parroquia. [...] Os cinco indispensables da Santa Compañía son: o que leva a cruz, o do estandarte, o do caldeiro de auga bendita, a lanterna ou Farol para acompañar o Viático e a campá. [...] únese á Compañía a Visión co seu correspondente enterro.

[...] os que van na Compañía só van en espírito, o seu corpo queda na cama e aínda que o chamen non responde. Todos os compoñentes teñen que gardar rigoroso segredo.

[...] O visionario que presencia o paso da Compañía co cortexo fúnebre pode coñecer quen é o que vai morrer por figurar detrás do cadaleito [...]. se alguén ve a Compañía ou Visión e llo conta ao interesado, este vivirá bastantes anos máis.